



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Dereito Sancionador	Código	612G01020	
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito PúblicoDereito Público Especial			
Coordinación	Puente Aba, Luz Maria	Correo electrónico	l.puente@udc.es	
Profesorado	Amoedo Souto, Carlos Alberto	Correo electrónico	carlos.amoedo.souto@udc.es	
	Puente Aba, Luz Maria		l.puente@udc.es	
	Ramos Vazquez, Jose Antonio		jose.ramos.vazquez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A finalidade primordial da materia é o estudo do ius puniendi estatal nas súas vertentes penal e administrativa. Na mesma analizaranse os elementos estruturais que conforman o exercicio da acción penal e a imposición de sancións administrativas. Particularmente, desde a perspectiva do Dereito penal abordaranse cuestións tales como qué sentido teñen as penas, qué clases de penas existen, cómo se aplican, en qué tipo de responsabilidade poden incurrir as personas xurídicas, etc. Pola súa parte, e cun enfoque propio do Dereito administrativo, examínase unha das actividades administrativas que presenta unha singular incidencia na esfera xurídica dos particulares, como é a potestade administrativa sancionadora, tratándose tanto os aspectos sustantivos como procedimentais que rixen o seu exercicio.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Coñecemento das principais institucións xurídicas.
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A3	Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.
A4	Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.
A5	Coñecemento dos principios e valores constitucionais.
A8	Coñecementos básicos de argumentación xurídica.
A9	Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutrinais).
A10	Capacidade de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico.
A11	Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.
A12	Manexo da oratoria xurídica. (Capacidade de expresarse apropiadamente en público).
A13	Dominio das novas tecnoloxías aplicadas ao dereito.
A14	Capacidade de elaboración de normas.
A15	Capacidade de negociación e mediación.
B6	Aprender a aprender.
B7	Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
B9	Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.
B10	Traballar de forma colaborativa.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B12	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo, amosando capacidade de expresión tanto oral como escrita en calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma, así como nun idioma estranxeiro.
B13	Capacidade para utilizar a rede informática (internet) na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, capacidade para empregar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión.



C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer o papel do Dereito penal e do Dereito Administrativo sancionador como medios formais de control social integrados nun ordenamento xurídico complexo	A1 A2 A3 A4 A10		
Coñecer a norma penal e a administrativa sancionadora na súa estrutura interna, a súa interpretación e a súa aplicación tempo-espacial	A1 A2 A3 A4 A5 A9 A10 A14	B8	
Coñecer a infracción penal nos seus elementos constitutivos, especialmente as súas consecuencias xurídicas	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10		
Analizar uns feitos concretos e argumentar a existencia ou non de responsabilidade penal / administrativa	A3 A4 A5 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A15	B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13	C1 C2 C3 C4 C7 C8



Coñecer o procedemento administrativo sancionador	A1		
	A2		
	A3		
	A4		
	A5		
	A9		
	A10		

Contidos	
Temas	Subtemas
LECCIÓN 1.- CONCEPTO, FINS E CLASES DE PENAS	CONCEPTO, FUNDAMENTO, XUSTIFICACIÓN E FINS. CLASES DE PENAS.
LECCIÓN 2.- AS PENAS PRIVATIVAS DE LIBERTADE	CLASES. A SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DA PENA PRIVATIVA DE LIBERTADE. A SUBSTITUCIÓN DA PENA PRIVATIVA DE LIBERTADE.
LECCIÓN 3. A PENA DE MULTA	SISTEMAS DE APLICACIÓN DA MULTA. RESPONSABILIDADE SUBSIDIARIA POR IMPAGO DA MULTA.
LECCIÓN 4. AS PENAS PRIVATIVAS DE DEREITOS	CUESTIÓNS XERAIS. TRABALLOS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE. INHABILITACIÓNS E SUSPENSIÓNS. OUTRAS PENAS PRIVATIVAS DE DEREITOS.
LECCIÓN 5. AS CIRCUNSTANCIAS MODIFICATIVAS DA RESPONSABILIDADE CRIMINAL	CIRCUNSTANCIAS AGRAVANTES. CIRCUNSTANCIAS ATENUANTES. CIRCUNSTANCIA MIXTA
LECCIÓN 6. A DETERMINACIÓN DA PENA	REGRAS DE DETERMINACIÓN E CONCRECIÓN DA PENA. A INDIVIDUALIZACIÓN XUDICIAL.
LECCIÓN 7. AS MEDIDAS DE SEGURIDADE	CUESTIÓNS XERAIS. A PERIGOSIDADE CRIMINAL. CLASES. PRINCÍPIOS XERAIS DE EXECUCIÓN.
LECCIÓN 8. CONSECUCIAS ACCESORIAS	CUESTIÓNS XERAIS. O COMISO. AS CONSECUCIAS ACCESORIAS CONTRA ENTES COLECTIVOS CARENTES DE PERSOALIDADE XURÍDICA.
LECCIÓN 9. AS CAUSAS DE EXTINCIÓN DA RESPONSABILIDADE CRIMINAL	CAUSAS. A CANCELACIÓN DE ANTECEDENTES DELICTIVOS.
LECCIÓN 10. RESPONSABILIDADE PENAL DOS MENORES	MEDIDAS APLICABLES A MENORES. REGLAS DE APLICACIÓN DAS MEDIDAS.
LECCIÓN 11. POTESTADE ADMINISTRATIVA SANCIONADORA (I)	ASPECTOS XERAIS. PRINCIPIOS REITORES DO SEU EXERCICIO. O PROCEDemento ADMINISTRATIVO SANCIONADOR XERAL.
LECCIÓN 12. POTESTAD ADMINISTRATIVA SANCIONADORA (II)	DISCIPLINA URBANÍSTICA. DEREITO SANCIONADOR AMBIENTAL. SANCIONES NA SEGURIDADE VIAL.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C7 C8	3	15	18
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C7 C8	12	5	17



Discusión dirixida	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C7 C8	12	0	12
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C7 C8	10	0	10
Lecturas	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C7 C8	0	20	20
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C7 C8	4	10	14
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C7 C8	39	10	49
Atención personalizada		10	0	10
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	O alumnado, co asesoramento dos docentes, aprenderá a manexar bases de datos de xurisprudencia penal e a realizar unha análise crítica das diversas decisións xudiciais sobre a materia.
Aprendizaxe colaborativa	O alumnado traballará en grupo diversos temas, debendo amosarse activo e colaborador cos compañeiros do seu grupo.
Discusión dirixida	Nas clases prácticas os docentes organizarán discusións sobre os temas esenciais da materia, nas que o alumnado deberá adoptar unha postura crítica e argumentada.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Ao longo do curso, organizaranse diversas xornadas, conferencias e seminarios sobre temas de interese para o alumnado, complementándose así a súa formación.
Lecturas	As obras en cuestión serán seleccionadas cuidadosamente polos docentes e o alumnado terá a posibilidade de elixir entre o elenco que se lle propoña.
Proba obxectiva	Plantexamento de preguntas acerca dos temas do programa da materia no momento do exame final, proba o cal resultado suporá un 70% da calificación final. As preguntas poderán ser tanto teóricas como prácticas.
Sesión maxistral	Mediante o sistema de lección maxistral, os docentes introducirán ao alumnado nos aspectos básicos de cada tema. Como soporte as súas explicacións, os docentes poderán proporcionar materiais (sentenzas, extractos de obras doutrinais...), apuntamentos ou un esquema-guía cos puntos clave do desenvolvemento da súa explicación. En todo caso, a explicación dos docentes deberá ser complementada polo alumnado tanto cos materiais proporcionados ao efecto, como poa consulta dos manuais que aparecen na bibliografía.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral Análise de fontes documentais Aprendizaxe colaborativa Discusión dirixida	A atención persoalizada ao alumnado non estará vencellada a só unha metodoloxía, senon que será constante. Neste senso, tanto o contido das clases teóricas, como o estudo persoal do estudiantado, como calquera das actividades que integran o curso contarán coa posibilidade dunha tutorización por parte dos docentes, a fin de que o alumnado poda plantexar as súas dúbidas e dificultades e que os docentes podan axustar as súas metodoloxías ás especificidades da persoa concreta. A estes efectos, o estudiantado poderá contar con atención persoalizada (sempre, lóxicamente, dun modo organizado) tanto nas horas lectivas como nos horarios de tutorías.
---	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C7 C8	Exame teórico ou teórico-práctico	75
Lecturas	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C7 C8	Presentación de traballos sobre algunha das obras propostas como lectura	5
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C7 C8	Participación activa en eventos científicos organizados	5
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C7 C8	Análise de xurisprudencia	5
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C7 C8	Realización de traballos en equipo	5
Discusión dirixida	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C7 C8	Intervención activa en debates en clase	5

### Observacións avaliación



Dado que se trata dunha materia interdisciplinar, na que concurren Dereito penal e Dereito Administrativo, pero na que os principios do Dereito Administrativo Sancionador proveñen en esencia dos do Dereito penal, considérase axeitado outorgar un maior peso á primeira das materias, de modo que -ademais de haber un reparto do 80%-20% nas clases presenciais- existirá un 80-20% na avaliación da calificación final. A calificación final de la materia verá dada da seguinte maneira: dos 8 puntos correspondentes á materia de Dereito penal, 6 corresponderán á proba obxectiva a celebrarse no día fixado para elo no calendario académico oficial, e os restantes 2 puntos verán dados polas calificacións obtidas nas diversas prácticas. Hay que obter un mínimo de 3 puntos sobre 6 na proba obxectiva para que podan engandirse as calificacións obtidas nas prácticas. Pola sua banda, dos 2 puntos correspondentes á materia de Dereito administrativo, 1'5 corresponderán á proba obxectiva a celebrarse no día fixado para elo no calendario académico oficial, e os restantes 0'5 puntos verán dados polas calificacións obtidas nas diversas prácticas.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- MUÑOZ CONDE, F./GARCÍA ARÁN, M., (2011). Derecho penal. Parte general . Valencia: Tirant Lo Blanch</li><li>- Borja Mapelli Caffarena (2011). Las consecuencias jurídicas del delito . Madrid: Civitas Thomson Reuters</li><li>- GRACIA MARTÍN, L., y otros (2012). Lecciones de consecuencias jurídicas del delito. Valencia; Tirant Lo Blanch</li><li>- ORTS BERENGUER, Enrique y otros (2011). Compendio de Derecho penal Parte General. Valencia. Tirant Lo Blanch</li><li>- Nieto García, Alejandro (2005). Derecho Administrativo Sancionador. Madrid, Tecnos</li><li>- SANTAMARÍA PASTOR, J. A (2009). Principios de Derecho Administrativo. Madrid, Iustel</li></ul> <p>Ao filo dalgunhas leccións os docentes poderán por a disposición do estudantado bibliografía complementaria. Asemade, os docentes poderán entregar ao estudantado os apuntamentos da materia.</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito Constitucional: Fontes e Dereitos/612G01003  
Dereito Penal. Parte xeral/612G01010

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

Dereito Penal. Parte especial/612G01025  
Criminoloxía/612G01038  
Dereito Penitenciario/612G01039

### Observacións

(\* )A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías